


Documento de presentación



A G E F E C

Asociación galega de enfermaría familiar e comunitaria

w w w . a g e f e c . o r g

Rúa García Lorca, nº.18 – 3ºB.
15704-Santiago de Compostela. A Coruña
E.mail: agefec@agefec.org

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2010



Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria
Rúa García Lorca, nº.18 – 3ºB. 15704-Santiago de Compostela. A Coruña
www.agefec.org E.mail: agefec@agefec.org

¿Que é a AGEFEC?

É unha asociación científico profesional, de ámbito galego, democrática e respectuosa coa dignidade profesional e coas normas éticas que regulan a profesión enfermeira; que tenta aglutinar as inqedanzas dos profesionais de enfermaría de atención primaria de Galicia.

Constituída en Santiago de Compostela o 14 de febreiro de 2007, tras a celebración da asemblea constituinte onde foi asinada a Acta Fundacional, aprobados os Estatutos e o 26 de abril foi elixida a actual Xunta Directiva que aquí se presenta e que está constituída por:

Presidenta:	Isabel Veiguela Martínez
Vicepresidenta:	Ana Isabel Calvo Pérez
Secretaria:	Oliva Varela Meizoso
Tesoureiro:	Zósimo López Jiménez
Vocal:	Manuel-Vidal Fernández Fernández
Vocal:	Teresa Ramos Sánchez
Vocal:	Carmina Casal Nogueira
Vocal	Flavia Polanco Teijo
Vocal	M ^a Esther Tejo Villamor
Vocal	Luísa Blanco Rial
Vocal	M ^a Eugenia Martínez Sancosmed

¿Cal é a súa razón de ser?

O obxecto social da Asociación está constituído polo fomento, o desenvolvemento, a promoción e a divulgación da Enfermaría de Atención Primaria. Así mesmo, constitúe o seu obxecto social o desenvolvemento científico dos seus membros e do conxunto dos enfermeiros e enfermeiras que traballan no primeiro nivel de saúde, a formación continuada dos mesmos; o desenvolvemento da investigación no ámbito da saúde e a promoción da mellora da saúde dos cidadáns.



A G E F E C
Asociación galega de enfermaría familiar e comunitaria
www.agefec.org

Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria
Rúa García Lorca, nº.18 – 3ºB. 15704-Santiago de Compostela. A Coruña
www.agefec.org E.mail: agefec@agefec.org

¿Cales son os seus obxectivos xerais?

1. Defender e promover a sanidade pública.
2. Promover e fomentar o progreso científico, impulsando e participando en proxectos de investigación orientados á actividade que desenvolvemos e en concreto á mellora dos coidados enfermeiros.
3. Promover a mellora dos coñecementos a través da formación continuada e avanzar na autonomía na prestación dos coidados enfermeiros.
4. Divulgar e promover a metodoloxía enfermeira e o uso das taxonomías enfermeiras no desenvolvemento da nosa labor asistencial.
5. Promover o desenvolvemento do decreto de especialidades.
6. Colaborar cos organismos e institucións na formación e en calquera outra actividade que teña como finalidade unha atención científica e de calidade.
7. Participar en tódolos foros de discusión, institucións e niveis de toma de decisións que afecten a sanidade pública e en particular ao desenvolvemento da nosa profesión.
8. Promover e proxectar unha imaxe social adecuada a realidade actual da capacitación científico técnica do colectivo enfermeiro.

¿Cales serán as súas principais actividades?

1. Organizar, realizar e celebrar actos e actividades científicas, de investigación, formativas, de forma individual ou en colaboración coas administracións ou organizacións públicas ou privadas.
2. Desenvolver encontros científicos orientados principalmente a xeración de coñecementos e ao establecemento de consensos.
3. Promover a formación e capacitación de grupos excelentes de investigación en Enfermaría Familiar e Comunitaria.
4. Representar aos profesionais en foros, reunións e actos similares, de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
5. Xerar unha liña de publicacións de axuda a Enfermaría Familiar e Comunitaria que incidan especialmente en aspectos metodolóxicos e no consenso de procedementos que guían a práctica enfermeira.



A G E F E C
Asociación galega de enfermaría familiar e comunitaria
www.agefec.org

Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria
Rúa García Lorca, nº.18 – 3ºB. 15704-Santiago de Compostela. A Coruña
www.agefec.org E.mail: agefec@agefec.org

¿Que temas actuais lle preocupan a AGEFEC?

1. O desenvolvemento da especialidade de enfermaría familiar e comunitaria.
Desde a formación dos futuros especialistas, a elección dos centros docentes, a elección dos profesionais titores, ... hasta a creación de prazas de especialista en enfermaría familiar e comunitaria.
2. Os concursos de traslados.
Como xa se veu na OPE anterior creáronse desaxustes importantes tanto nos hospitais, coa saída de moitos profesionais con grande experiencia no seu ámbito, como nos centros de saúde coa chegada destes profesionais sen formación específica en coidados de enfermaría familiar e comunitaria, sobre todo aos centros situados preto das grandes cidades. Tamén debemos engadir a falta de relevo xeneracional en relación a media de idade dos profesionais que se trasladan a estes centros.
3. O desenvolvemento da Ley 28/2009 do 30 de decembro de modificación da “*Ley de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios*”.
Cremos necesario a creación de varios grupos de traballo nos que se definan qué medicamentos e produtos sanitarios van poder indicar ou autorizar os enfermeiros galegos ao igual que xa se fixo noutras CC.AA..
4. A continuidade dos distintos grupos de traballo, nos que tamén viña participando a AGEFEC, e nos que se estaba a traballar sobre a definición da carteira de servizos de enfermaría de atención primaria e o módulo IANUS para enfermaría.